

## Índice de Calidade do Aire (ICA): Relación entre o ICA anterior e o novo ICA

O ICA son as siglas do Índice da Calidade do Aire que é un mecanismo de acceso a información ambiental para facilitar a comprensión do estado do aire que respiramos. Informa sobre o estado da calidade do aire en cada unha das estacións distribuídas por todo o territorio galego, sobre a base dunha escala de cores de fácil identificación para a cidadanía. Serve para facilitar á poboación a interpretación duns datos de carácter técnico dunha maneira clara e comprensible, cumprindo así cos requisitos que se derivan da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

O ICA reflicte o impacto potencial da calidade do aire sobre a saúde. Por este motivo, asígnaselle a peor categoría en termos de calidade do aire de calquera dos contaminantes que se teñen en consideración para a súa estimación.

A aprobación do Índice Nacional de Calidade do Aire, mediante a Orde TEC/351/2019, de 18 de marzo de 2019, seguindo as directrices do índice europeo, ten como obxectivo axudar a representar a calidade do aire a nivel nacional dunha maneira facilmente entendible polos cidadáns contribuíndo ao acceso do público á devandita información ambiental dunha maneira clara e comprensible, ademais de facilitar o intercambio de información ambiental coa Unión Europea.

Con motivo da actualización da metodoloxía do Índice Europeo de Calidad del Aire, implementada pola Axencia Europea de Medio Ambiente en novembro de 2019, procede modificar tanto a citada orde coma esta instrución técnica para axeitala a nova metodoloxía. Esta actualización foi adoptada pola resolución do 2 de setembro de 2020, da Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, pola que se modifica o Anexo da Orde TEC/351/2019.

Ata agora a Rede de Calidade do Aire de Galicia tiña a súa propia metodoloxía para o cálculo do devandito índice a nivel rexional pero decidiuse adoptar a metodoloxía da Axencia Europea de Medio Ambiente e do Índice Nacional para proporcionar unha información da calidade do aire de Galicia homoxénea e evitar confusión na cidadanía, xa que a elaboración do Índice Nacional de Calidade pretende establecer un marco de referencia para os xestores rexionais á hora de elaborar os seus propios índices e busca harmonizar os valores sobre calidade do aire en todo o territorio nacional.

### Diferencias entre o ICA anterior e o novo ICA

Os principais cambios con respecto ao ICA en vigor son o aumento do número de intervalos (de 4 a 6), a inclusión como contaminante a valorar do PM<sub>2,5</sub> e a modificación do método de cálculo.

1. **Cambio do cálculo:** co ICA en vigor calcúlanse o ICA horario e diario e se amosa o peor, pero a partir de agora, o ICA calcularase de acordo co seguinte promedio temporal:
  - para dióxido de nitróxeno (NO<sub>2</sub>), ozono (O<sub>3</sub>) e dióxido de xofre (SO<sub>2</sub>), utilízanse concentracións horarias.



- para material particulado de corte 10 micras (PM10) e de corte 2.5 micras (PM2,5) téñense en conta as medias móbiles das últimas 24 horas.

**2. Cambio no número de nivel e nos valores que define “calidade do aire mala”:** Actualmente hai 4 niveis (Bo, Admisible, Mala, Moi Mala) que pasarán a 6 (Boa, Axeitada, Moderada, Mala, Moi Mala e Pésima).

Nas seguintes táboas amósanse as diferencias entre o ICA anterior e o novo ICA en canto ao número do niveis do ICA, os cores empregados en cada un e a súa nomenclatura

Táboa 1. Índice de Calidade do Aire anterior.

Índice	Calidade do Aire	
$\geq 0$ e $< 75$	Boa	
$\geq 75$ e $< 100$	Admisible	
$\geq 100$ e $< 150$	Mala	
$\geq 150$	Moi mala	

Táboa 2. Índice de Calidade do Aire acorde ao ICA novo

	Nivel de ICA					
	Boa	Favorable	Regular	Mala	Moi mala	Pésima
PM <sub>2,5</sub>	0-10	10-20	20-25	25-50	50-75	75-800
PM <sub>10</sub>	0-20	20-40	40-50	50-100	100-150	150-1200
NO <sub>2</sub>	0-40	40-90	90-120	120-230	230-340	340-1000
O <sub>3</sub>	0-50	50-100	100-130	130-240	240-380	380-800
SO <sub>2</sub>	0-100	100-200	200-350	350-500	500-750	750-1250

Co novo ICA cambia tamén o enfoque polo cal se determinan os distintos niveis. Ata agora, tomábase o valor límite para a protección da saúde definido na normativa vixente (VL) para cada contaminante como referencia para dicir que a calidade do aire é “mala” e os outros intervalos se definían porcentualmente (0-75% do VL, 75-100% do VL, 100-150% do VL, >150% do VL).

Para definir agora as bandas do índice de calidade do aire se adopta un enfoque baseado nos riscos relativos asociados á exposición a curto prazo a partículas de corte 2.5 (PM2.5), ozono (O<sub>3</sub>) e dióxido de nitróxeno (NO<sub>2</sub>), de acordo co establecido pola Organización Mundial da Saúde<sup>1</sup>. Ademais, inclúense recomendacións para a saúde asociadas a cada estado de calidade do aire dirixidas a poboación en xeral e a grupos de risco e persoas sensibles.


<sup>1</sup> <http://www.euro.who.int/en/health-topics/environment-and-health/air-quality/publications/2013/health-risks-of-air-pollution-in-europe-brapie-project.-recommendations-for-concentrationresponse-functions-for-costbenefit-analysis-of-particulate-matter.-ozone-and-nitrogen-dioxide>



As cores seleccionadas para o novo ICA veñen dados pola Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) e están reflectidos na Orde Ministerial TEC/351/2019, de 18 de marzo de 2019, que adapta o ICA a España.

## Comparativa entre o ICA anterior e o novo ICA

A continuación amosamos unhas gráficas nas que se representa o cambio na visualización do ICA coa adopción da nova metodoloxía con respecto á anterior. Temos unha gráfica de barras por cada contaminante: SO<sub>2</sub>, O<sub>3</sub>, NO<sub>2</sub> e PM10. Os números indican a concentración de cada contaminante en µg/m<sup>3</sup>, que crece de esquerda a dereita. Na barra de arriba representase o estado e a cor da calidade do aire tendo en conta o novo ICA con respecto ao ICA anterior, que se representa na barra de abaixo:



Imaxe 1. Comparativa dos niveis do ICA anterior e o novo ICA para SO<sub>2</sub>, O<sub>3</sub>, NO<sub>2</sub> e PM10.